



# CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

## RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión extraordinaria celebrada o día cinco de xullo de dous mil once, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA CINCO DE XULLO DE DOUS MIL ONCE.

José Luís Maceda Vilariño

Manuel González Moreira

José Luís Rodríguez Franco

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día cinco de xullo de dous mil once, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia tres, para celebrar sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello. Non comparece o Concelleiro Ricardo Rodicio González.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

### ORDE DO DÍA:

#### 1º.- CONTA DE GASTOS.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a certificación de obra que se indica, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

- *Aprobar a certificación nº 5 da obra do Fondo Estatal de Inversión Local "mellora na rede de saneamento e de infraestruturas de depuración de augas residuais urbanas" e a correspondente factura por un importe de cincuenta e catro mil catrocentos oito euros con cincuenta e un céntimos (54.408,71€).*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e dez minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a seis de xullo de dous mil once.

